



**SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE
DATA 12 de xuño de 2017**

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 12 de xuño de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .
Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 05/06/2017, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2627

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Rodríguez Marcote, en representación de **Motoclube “A Rosa dos Ventos”**, solicitando autorización para realización dunha ruta moteira o día 9 de xullo por diversas vías do termo municipal, así como a colaboración municipal para o desenvolvemento da mesma.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para a ruta moteira así como a ocupación de 50 prazas de estacionamento (200 m² aprox.) na Rúa Doutor Moreira Casal.

A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Dar conta á Policía Local.

PRP2017/2628

Vista a proposta da Policía Local no que se indica que na Avda. Valle Inclán, os dous carrís en sentido Vilaxoán – Carril (titularidade municipal) atópanse sinalizados con velocidade máxima a 30 Km/h, mentres que o sentido contrario, de titularidade da Autoridade Portuaria ten a velocidade xenérica de 50 Km/H, por non ter sinalización específica.

Á vista do anterior a Xunta de Goberno Local acorda solicitar á Autoridade Portuaria para que proceda á sinalización ou autorice ao Concello para a sinalización do tramo da Rúa Valle Inclán entre as rotondas de O Cavadelo e Pablo Picasso con sinais R-301 (velocidade máxima 30), unha despois da Glorieta do Cavadelo, ó inicio do tramo, na marxe dereita e outra despois da glorieta do depósito, na marxe dereita, así como marcar cada 150 metros un símbolo de 30 sobre o carril dereito do pavimento, como recordatorio para os condutores.



PRP2017/2629

Dáse conta de solicitude de D. Antonio Pérez Soutullo, Presidente da **Peña Barcelonista Perla de Arousa** solicitando a colaboración municipal para levar a cabo unha serie de actividades os días 10 e 11 de xuño con motivo da “Hermandad de Peñas Barcelonistas”.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda concederlle autorización para a realización das actividades (instalación inchables, ocupación hall exterior FEXDEGA para catering, etc.) así como a colaboración do Servizo de Protección Civil.

Así mesmo autorízase para o estacionamento dos autobuses no interior do Recinto de FEXDEGA, por considerar a situación máis axeitada.

Dar conta a Protección Civil e Policía Local.

PRP2017/2630

Dáse conta do escrito presentado por **D. Manuel Gómez Búa**, solicitando autorización para a realización dun concerto ao aire libre a cargo do grupo “La Gramola” o día 15 de xuño, con motivo do 4º aniversario do local “Bar A Baldosa”, en horario de 21:00 a 22:30 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado de 21:00 a 22:30 horas.
- Deberán ocupar unicamente a zona de terraza do citado local, sen ocupar o espazo do baixo lindeiro.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2631

Dáse conta do escrito presentado por **D. Martín Vázquez Blanco**, solicitando autorización para a realización de concertos acústicos ao aire libre na Praza do Castro, os días 23 e 30 de xuño e 7 e 21 de xullo, en horario de 22:00 a 00:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización para os días 23 e 30 de xuño e 21 de xullo, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado de 21:00 a 23:30 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.



O día 7 de xullo non se concede autorización por coincidir co Vilablues, podendo cambiar esa data por outra, se o consideran oportuno.

PRP2017/2632

Dáse conta das actuacións en áreas de rexeneración e renovación urbana para as que se solicita a súa cualificación definitiva ao IGVS aos efectos do financiamento previsto no acordo da Comisión Bilateral de Vivenda asinado o 27 de outubro de 2015.

ÁREA DE REHABILITACIÓN DE CARRIL

Promotor	Enderezo	Orzamento (sen IVE)	Subvención prevista
D. JAVIER CRESPO LORENZO	Rúa Esperanza 17	19.164,95	6.707,73
D. SANTIAGO JUAN GONZALEZ CALVO	Rúa Aduana 8-3º	29.828,24	10.439,88
DONA DOLORES FRANCO GIRALDEZ	Rúa Carmen 18	24.363,00	8.527,05
D. RAMÓN MULET RODRÍGUEZ	Rúa Santiago 32	25.617,67	8.966,18
CP PRAZA LIBERTADE 8	Praza Libertade 8	47.816,34	11.000,00
D. ELPIDIO COSTA BOUZAS	Praza Libertade 8-1º	4.971,87	1.740,15
D. JUAN IGNACIO COSTA BOUZAS	Praza Libertade 8-2º	4.971,87	1.740,15
D. MANUEL LOPEZ CHENLO	Rosalía de Castro 199	14.016,93	4.905,92
TOTAL		170.750,87	54.027,06

ÁREA DE REHABILITACIÓN DE VILAXOÁN

Promotor	Enderezo	Orzamento (sen IVE)	Subvención prevista
DONA ROSA MATIÑAN FERREIRA	Rúa Sobran 8	4.873,70	1.705,80
C. P. PEIRAO 7	Rúa Peirao 7	22.860,50	8.001,18
TOTAL		27.734,20	9.706,98

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2633

Vista a proposta do Axudante Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR, S.L.**, para subministro de 8 sinais homologadas e máis un trípode, por importe de 575,96 € (IVE incluído), con cargo á partida 453.22199.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2637

Vista a proposta da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Servicios Técnicos Integrados del Noroeste, S.L.** para o subministro de 30 pantallas de ordenador Led 23 6" ASUS VE247H 18080P 2 ms VGA HDMI DVI para a súa instalación en diferentes Departamentos Municipais coa finalidade de substituír as existentes debido á súa antigüidade e reducido tamaño, tal e como se recolle na proposta citada, onde se reflicte a súa ubicación, por un importe total de 5.104,14 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.62600. Proxecto 2 nº 01/48/2017:

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2638

Dáse conta do escrito presentado por D. Jesús Manuel López Cajaraville, como Presidente da **Asociación Arousa Solidaria**, solicitando autorización para a realización dunha actuación solidaria ao aire libre na Praza do Castro, o día 24 de xuño, en horario de 21:00 a 01:00 horas.



A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberán respectar o horario indicado de 21:00 a 01:00 horas.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2639

Dáse conta do escrito presentado por **ASOCIACIÓN HOSTELERIA E INICIATIVAS TURÍSTICAS (AHITUVI)**, solicitando autorización para realización de diversas actividades lúdicas na Praza de Galicia os días 9 e 10 de xuño.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2017/2653

Vista a proposta da Área de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Visual Graphics Imagen y Publicidad, S.L.** para o subministro de 2 Display X de 120x200 cm.; 10 Display L-Banner 80x180 cm, 10 Display Fly-Banner XL e Portes ríxidos (1), para reposición dos existentes, por un importe total de 2.931,89 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22641.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2654

Dáse conta do escrito presentado por Dona Marta Iglesias Pouso, en representación de **Piragüilla S.C.** solicitando autorización do Concello e colaboración municipal con motivo da realización dunha Ruta Nocturna en Kaiak á Illa Cortegada, o día 1 de xullo, ás 22:00 horas.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización municipal, facendo constar que, dado que se trata unha actividade organizada no mar deberán solicitar autorización á Capitanía Marítima.



Remitir ao Servizo de Protección Civil.

PRP2017/2677

Dáse conta do escrito presentado por D. Ricardo Santamaría del Valle, en representación da **Asociación Cultural Varietes**, solicitando autorización para a realización de concertos musicais de pequeno formato, na Rúa Méndez Núñez (VII Festival Varietes), durante os xoves e venres de xuño, de 19:01:30 horas (xoves días 15, 22 e 29 de xuño e 6, 13, 20 e 27 de xullo) (venres 16 3 30 de xuño e 14, 21 e 28 de xullo), nun total de 12 actuacións e a colaboración municipal coa cesión dun escenario, toma de corrente necesaria, cartelería, etc., así como unha axuda económica para a realización do citado evento.

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 5 de xuño de 2017, de concesión de autorización para a celebración dos concertos solicitados.

A Xunta de Goberno Local acorda a colaboración económica por parte do Concello para as actuacións musicais, por importe de 2.000,00 €, con cargo á partida 432.22612.

Comunicáselle que as facturas deberán emitirse a nome do Concello, nas que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

ASUNTOS DE EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

Educación

PRP2017/2644

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Espacio do Lector, S.L. (Librería Arousa)** para o subministro de materiais bibliográficos e audiovisuais por un importe total de 2.504,65 €, con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal. (Proxecto 3 – nº 01/25/2017)

PRP2017/2645

Vista a proposta da Directora da Biblioteca Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda, con cargo á subvención concedida, aprobar o gasto para a dotación de novidades editoriais en galego para as Bibliotecas e Axencias de Lectura, por un importe total de 2.636,66 €, con cargo á partida 3321.22001, coa seguinte desagregación:

- Edicións Xerais de Galicia, S.A. 1.338,14 €
- Hércules Ediciones 333,20 €
- Santillana Educación, S.L. 199,51 €
- Carlos González Meijide 36,00 €
- Editorial Luis Vives..... 39,60 €
- Kalandraka Editora, S.L. 372,00 €
- Sacauntos Sd. Coop. Galega 40,00 €
- Editorial Galaxia, S.A. 250,28 €
- Baía Edicións A Coruña, S.L..... 27,20 €



Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2646

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de concesión dunha subvención ao Conservatorio Profesional de Música por un importe de 18.181,00 € para gastos de limpeza e aseo, cun orzamento de 20.500,00 €, ao abeiro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2647

Vista a proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **D. Joaquín Safont-Tria (ST Midi Music)** para o subministro de 15 licenzas “FINALE 25 SITE LICENSE UPGRADE 5 + STATIONS” para uso educativo, por un importe total de 1.125,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 3261.62600. Proxecto (2) nº 01/15/16.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Xuventude

PRP2017/2651

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa **Oftefor Oficina Técnica Forestal** o desenvolvemento do Campamento Urbano Medioambiental – Aula de Natureza, destinada a mozos e mozas de 12 a 16 anos e que se levará a cabo do 31 de xullo ao 11 de agosto, por un importe total de 3.509,00 € (IVE engadido), con cargo á partida 2314.22624.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2652

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 27 de febreiro de 2017 en relación coa acción cultural formativa denominada “Tecnoloxías Emerxentes: Campamento de Verán + Formación intensiva), figurando no mesmo:

“Dáse conta de que para a citada actividade está solicitada unha subvención polo 100% do orzamento ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra, a través da liña dous: amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.”

Debendo figurar:

“Acórdase autorizar a solicitude de subvención para a devandita actividade polo 100% do orzamento ao abeiro das bases reguladoras e convocatoria do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal para o exercicio 2017 da Deputación Provincial



de Pontevedra, a través da liña dous: amortización, pagamento de débedas e gastos correntes.”

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Medio Ambiente

PRP2017/2678

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Cogami Reciclado de Galicia, S.L. (COREGAL, S.L.)**, a retirada e xestión do colector de plásticos mesturados do punto limpo, por un importe de 120 €/t (IVE non incluído) no caso de fraccións de plásticos non valorizables e 0 €/t. no caso das fraccións valorizables, resultando un importe total aproximado de 422,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 170.22700.

Turismo

PRP2017/2656

Vista a proposta da Concellería de Turismo, a Xunta de Goberno Local acorda:

- Aprobar o orzamento presentado por **Cruceros do Ulla, S.L. – Turimares**, para a contratación dun barco para realizar o remonte do Río Ulla para conmemorar a traslato, o día 25 de xuño de 2016, por un importe total de 1.650,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 432.22612.
- Aprobar a provisión de fondos a favor da habilitada Dona Luz M^a Abalo Pérez, polo importe citado de 1.650,00 €.
- Aprobar as bases para a participación no sorteo e inscrición das persoas interesadas en participar na actividade.

O número de prazas dispoñibles é de 90, reservándose 10 para protocolo e as restantes 80 serán

sorteadas conforme ás citadas bases.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

Promocion Económica

PRP2017/2657

Dáse conta de escrito presentado por Dona Rocio Louzán Blanco, en representación de **Centro Comercial Aberto Zona Aberta**, solicitando autorización para a celebración da 12^a Feira de Oportunidades – EXPOFERTA, os días 11, 12 e 13 de agosto na Praza da II República.

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Comercio e o Informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.



- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas. En relación coa solicitude de colocación de bandeirolas, autorízase a súa colocación, debendo proceder á retirada das mesmas unha vez rematada a actividade. Así mesmo deberán poñerse en contacto cos Servizos Municipais de Policía Local, Electricidade, Mantemento do Auditorio Municipal e Cultura aos efectos de dispoñibilidade do material e colaboración solicitada.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2658

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvencións públicas coa **Asociación Cultural Ameixa Rock 2017**, por un importe de 3.000,00 €, con cargo á partida 334.489, que ten por obxecto subvencionar a 5ª Edición do Festival Ameixa Rock 2017, que se celebrará no mes de setembro.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2659

Dáse conta da sinatura do Convenio para a concesión directa de subvencións públicas ao **Padroado da Banda de Música**, por un importe de 42.500,00 €, polo que a Banda de Música realizará un mínimo de 34 actuacións, nas condicións establecidas no propio convenio, con cargo ás partidas 334.78000 (7.000,00 €) e 334.48205 (35.500,00 €).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2660

Vista a solicitude de **D. Miguel Agrelo Fresco**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase a colaboración na contratación polo Concello dunha actuación, con cargo á partida 334-22609, con motivo da celebración dunha sardiñada de San Xoán o día 23 de xuño de 2017 en Grupo San Roque:

- Actuación da Asociación Cultural Os Trasnos de Guillán (Grupo de Gaitas), por un importe de 225,00 €.

Comunicáselle que a factura deberá emitirse a nome do Concello, na que é obrigatorio facer constar o DIR do Concello, que está dispoñible na web municipal.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2661

Vista a solicitude de D. Manuel Vázquez Martínez, en representación de **Basket Base Club**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 e 2 do Auditorio Municipal, o día 27 de xuño de 2017, en horario de 20:00 a 21:00 horas, para a celebración das asembleas xerais dos clubs integrantes do CLB (Basquet Base Club e A.D. Cortegada), debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/2662

Dáse conta de acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión de 12 de maio de 2017, polo que se concede unha subvención a este Concello de 18.000,00 € polo procedemento de concorrencia non competitiva, para a realización da actuación denominada “Combate Naval”, cun orzamento de 35.695,00 €, ao abeiro da finalidade de gasto corrente novo dentro da liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2663

Dáse conta do escrito de **Dona Milagros Cuervo Soto e Dona Marosa Abalo Villaverde**, organizadoras da Festa da Música Vilagarcía, solicitando autorización para uso da Praza da Peixería así para actuacións na vía pública, nas Prazas de Galicia e Praza de España e nas Rúas Arcebispo Xelmirez, Castelao e Alcalde Rey Daviña, en horario de 19:00 a 23:00 horas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso da Praza da Peixería, o día 21 de xuño, para levar a cabo ao Día Internacional da Música, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Así mesmo, visto o informe da Policía Local, acórdase conceder autorización para realizar o día 21 de xuño de 2017 a actividade nas Rúas e Prazas sinaladas, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisións sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2664

Vista a solicitude de Dona Paula Calvete Palmero, en representación de **ONCE** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 1 do Auditorio Municipal, o día 13 de xuño, en horario de 17:30 a 21:00 horas, para a celebración dunha reunión de información institucional do colectivo, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.



Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/2665

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento para a celebración do evento cultural FESTIVAL VILABLUES 2017, os días 7, 8 e 9 de xullo, cun importe total de 36.058,00 €, con cargo á partida 334.22609, coa seguinte desagregación:

- Mulas Produccións, S.L.: Contratación de artistas por importe de 21.538,00 €, para as seguintes actuacións: Kenny “Blues Boos” Wayne, Bernard Anderson, Angela Brown, The Suitcase Brothers, conferencias a cargo, entre outros de Manuel L. Poy, así como obradoiro de baile Alba Mengual Swing Madrid.
- D. Gumersindo Meijón Parreño: Producción técnica e promoción (escenario, equipo de son, persoal técnico, persoal vixiancia, deseños de cartelería e distribución e catering), por importe de 14.520,00 €

PRP2017/2666

Vista a solicitude de Dona Isabel Quijada González, en representación de **ADICAE GALICIA**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Seminario 2 do Auditorio Municipal, o día 30 de xuño, en horario de 19:30 a 21:00 horas, para a celebración dunha charla para informar dos dereitos dos consumidores sobre as cláusulas solo e gastos hipotecarios, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

PRP2017/2667

Dáse conta do escrito presentado por D. José Luis Eiras Mollinedo, en representación da **Asociación Cultural Malveiras**, dando conta dunha serie de deficiencias existentes na Casa de Cultura de Carril e solicitando que se arranxen as mesmas por parte de persoal municipal. A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que se procederá a subsanar as deficiencias indicadas á maior brevidade e tendo en conta a dispoñibilidade existente nos departamentos correspondentes.

PRP2017/2668

Dáse conta do escrito presentado por **Dona Aurela Tobio Da Silva** no seu nome e no de un grupo de 14 veciñas de Sobradelo, solicitando autorización para utilizar as instalacións da Casa de Cultura de Sobradelo para realizar actividades de encaixe de palillos os martes, en horario de 16:30 a 19:30 horas.

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada.

PRP2017/2669



Vista a solicitude de D. José Álvarez Domínguez, en representación da **Asociación Coro Liceo de Vilagarcía**, e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso do Salón Principal do Auditorio Municipal, os días 30 de xuño e 1 de xullo, durante todo o día, para a celebración dunha Gala de recoñecemento pola traxectoria musical a un compoñente do coro, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

Acórdase a exención do prezo público de conformidade co establecido no Artigo 4.2 da Ordenanza Fiscal nº 43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outras instalacións do Concello.

Sinalarlle, así mesmo, que será a cargo da entidade solicitante ou organizadora calquera tipo de taxa ou imposto da Sociedade Xeral de Autores (SGAE) que puidese corresponder por esta actuación.

PRP2017/2670

Vista a solicitude de D. Angel Peteiro González, en representación da **Asociación Escola Rosalía de Castro** e a proposta da Concellería de Cultura, acórdase autorizarlle o uso dos Seminarios 1 e 2 e Sala de Conferencias do Auditorio Municipal o día 17 de xuño, en horario de 9:00 a 15:00 e de 15:30 a 21:00 horas, para a celebración de exames da Universidade de Cambridge na Provincia de Pontevedra, debendo asegurarse do cumprimento das normas establecidas para a utilización da citada instalación municipal de conformidade co establecido no Regulamento de Uso e Funcionamento das Instalacións Culturais Municipais (BOP 14 de xuño de 2013) e que figura publicada na web municipal.

De conformidade co establecido no Artigo 3.1 da Ordenanza Fiscal nº43 reguladora da prestación de servizos e utilización do auditorio e outra instalacións do Concello, debera previamente aboar a seguinte tarifa:

- Seminario1:11,50 horas a 10,20€/hora: 117,30 €.
- Seminario2:11,50 horas a 10,20€/hora: 117,30 €.
- Sala de Conferencias: 11,50 horas a 15,25 €/hora: 175,37 €
- Conserxe (horas extras): 1,5 horas a 10,20 €/hora. 15,30 €

TOTAL A ABOAR: 420,17 €

Dar conta ao Departamento de Rendas.

ASUNTOS DE CONTRATACIÓN

PRP2017/2671

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de abril de 2017, de adxudicación dos traballos de realización dun estudo xeotécnico para a realización das obras de “Construcción de Escola Infantil en Vilaxoán”, figurando no mesmo:

- . **Estudios Mikar, S.L.** que ofrece o prezo de 2.942,60 € (IVE incluído).

E debendo figurar:

- . **Estudios Mikar, S.L.** que ofrece o prezo de 2.492,60 € (IVE incluído).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

PRP2017/2672

Por Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra do 29 de setembro de 2016, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 59.999,98€, con destino á “Reparacións no estadio de atletismo no complexo deportivo de Fontecarmoa”.



A través da Plataforma de Licitación Electrónica da Administración Local de Galicia, tramitouse contrato menor, por razón da contía, con invitación ás seguintes empresas: Bespi Construcciones, S.L.; Promoreyba, S.L.; Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.; Gruporesa, S.L. e Construcciones Jacinto Vidal, S.L.; presentándose as seguintes:

Licitador	Oferta (sen IVE)	IVE 21%	Oferta (IVE engadido)	Melloras ofertadas
Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.	36.089,24€	7.578,74€	43.667,98€	- Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-1 -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-2) -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-3)
Bespi Construcciones, S.L.	39.669,40€	8.330,57€	47.999,97€	Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-1 -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-2) -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-3)
Gruporesa, S.L.	41.413,65€	8.696,87€	50.110,52€	-Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-1 -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-2)
Promoreyba, S.L.	47.198,35€	9.911,65€	57.110,00€	Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-1 -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-2) -Mellora redactada nos criterios de adjudicación como A2-3)

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, á Xunta de Goberno Local acorda adjudicar o contrato de obras denominado Reparacións no estadio de atletismo no complexo deportivo de Fontecarmoa, á empresa **Canalizaciones y Construcciones Salnés, S.L.** (B36417533), por importe (IVE excluído) de 36.089,24€, ao que lle corresponde un IVE 21% de 7.578,74€ o que totaliza un prezo de adjudicación (IVE engadido) de 43.667,98€, con cargo á partida 341.63200 de acordo coa súa oferta e as melloras contempladas nela. (Proxecto 2 – 01/46/2016) – POSS 2016.

PRP2017/2673

Dáse conta de comunicación da Deputación Provincial de Pontevedra, de concesión dunha subvención por importe de 27.573,99 €, polo procedemento de concorrencia non competitiva, para a realización da actuación denominada “Pintado da Gardería Infantil Municipal, cun orzamento de 27.573,99 €, ao abeiro da Liña 2 do Plan de Obras e Servizos (Plan de Concellos 2017).

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2017/2674

Por Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra, concedeuse ao concello de Vilagarcía de Arousa a cantidade de 16.505,90 €, con destino a “Subministro de 5 bicicletas con destino á Policía Local”, dentro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos 2016).

Dáse conta do expediente de contratación tramitado, con invitación ás seguintes empresas: SQEM, Deportes Rodas e Moto Bazar, presentándose as seguintes:

- **Dona Rocio Louzán Blanco – Moto Bazar.**



Vista a proposta acórdase adxudicar a **Dona Rocio Louzán Blanco** o Subministro de 5 bicicletas con destino á Policía Local, polo importe de 16.174,90 € (IVE incluído), por ser a única oferta presentada e axustarse ás características técnicas esixidas.

PRP2017/2701

Dáse conta do informe do Encargado de Electricidade dando conta de que con motivo das tormentas do pasado 26 de maio sufriu danos o ascensor instalado na Casa de Cultura de Sobradelo.

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro: Adxudicar á empresa **ThyssenKrupp Elevadores, S.L.U.** os traballos de reparación, por un importe total de 226,27 € (IVE incluído), con cargo á partida 929.22699, de conformidade co orzamento presentado.

Segundo: Dar conta a Mutua General de Seguros aos efectos de que se faga cargo do importe da reparación e que, no seu caso, o traslade á empresa subministradora da enerxía eléctrica.

PRP2017/2702

Dáse conta informe da directora da autoridade Portuaria de Vilagarcía en relación a solicitude de concesión para instalar un kiosco no Parque Miguel Hernández sinalando que:

Unha vez recibida do solicitante a información sobre o emprazamento da autorización, esta será remitida ó Concello para a súa valoración.

Con data 10 de maio de 2017 Dona Rocio Nogueira Pacheco presenta na Autoridade Portuaria escrito de solicitude de concesión para instalar un kiosco desmontable no Parque Miguel Hernández, incluíndo a proposta de emprazamento do mesmo, que se achega a este escrito para que o concello de Vilagarcía estime si dito emprazamento e conveniente.

Visto o informe do Arquitecto Municipal, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a instalación dun kiosco no Parque Miguel Hernández de 6m de largo por 2,50m de alto e 2,36m profundidade, no lugar indicado na solicitude, a Dona Rocío Nogueira Pacheco, xa que o emprazamento proposto non interfere no uso público e nas actividades que se desenvolven no parque. Non entanto deberase coidar de non afectar ás arquetas e bocas de rega existentes deixándoas expeditas para o seu uso.

Acórdase dar conta á Autoridade Portuaria.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:00 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.